

RESOLUCIÓN DO 22 DE DECEMBRO DE 2023 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO DE CERTIFICADO DE PERCEBEIRO/A A REALIZAR NA AULA DE FORMACIÓN PESQUEIRA DE CELEIRO (LUGO)

Consideracións legais

- O Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira encadra o certificado de mariscador na especialidade de acuicultura das ensinanzas non regradas náutico-pesqueiras
- A Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de Galicia, establece no artigo 1 que as confrarías de pescadores actúan como órganos de consulta e colaboración coa administración na promoción do sector pesqueiro. Por outra banda, e de conformidade co punto 2.c) do artigo 3, unha das funcións das confrarías de pescadores é a de promover as actividades de formación dos profesionais nas actividades referidas á pesca
- A Orde de 8 de novembro de 2000 pola que se regula a obtención dos certificados de cualificación necesarios para optar aos permisos de explotación de mariscador a pé e de recursos específicos, establece no artigo 3 que os aspirantes a participar nos cursos deberán acreditar documentalmente que cumpren o requisito de ser maior de 16 anos e de ter rematada a escolarización obrigatoria
- Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 210/2022, do 1 de decembro, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, establece que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndenlle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer

Visto o exposto, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ao abeiro das súas competencias RESOLVE:

Convocar un curso de certificado de percebeiro/a na aula de formación pesqueira de Celeiro (Lugo), coas seguintes condicións:

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Primeira: A xefatura Territorial de Celeiro (Lugo) encargárase da información e recollida da documentación que se precisa para a inscrición no curso das persoas interesadas, e que é a seguinte:

- Solicitud cuberta segundo o modelo anexo I
- Fotocopia do DNI ou NIF
- Fotocopia do certificado de estudos acreditativo de ter rematada a escolarización obrigatoria

As solicitudes e documentación acompañante serán remitidas ao servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Segunda: O curso realizarase na aula de formación pesqueira de Celeiro (Lugo) os días 23, 24, 25, 26 de xaneiro e 5, 6, 7, 8, 9 de febreiro de 2024 en horario de tarde (16:00-20:15 h).

Terceira: A asistencia ás clases é obrigatoria. Nas actividades formativas levarase un control de asistencia.

Cuarta: As persoas que superen o exame seralles emitida a correspondente certificación acreditativa.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



ANEXO I

MATRÍCULA DO CURSO DE CERTIFICADO DE PERCEBEIRO/A

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI ou NIE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ENDEREZO	CONCELLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

CÓDIGO POSTAL E PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

EXPÓN:

Que reúne todos os requisitos para realizar o curso de certificado de percebeiro/a que terá lugar na aula de formación pesqueira de Celeiro (Lugo), o que acredita achegando a seguinte documentación:

- FOTOCOPIA DO DNI ou NIE
- FOTOCOPIA DO CERTIFICADO DE ESTUDOS

SOLICITA:

A matrícula no dito curso

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposicións previstos na Lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LUGAR E DATA:

SINATURA:

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro-Servizo de Ensino e Titulacións Náutico Pesqueiras
Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños- 15781 Santiago de Compostela

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

